

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 23785(10/POC-003962)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o estado actual de desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, de policía local, logo da publicación da Lei 9/2016, que a modifica, a resposta dos concellos á convocatoria da Xunta de Galicia para informar en relación coas previsións reflectidas no Decreto 115/2017 e a situación do proceso de centralización da convocatoria de oposicións a través da Academia Galega de Seguridade Pública

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:04
Nº Rexistro: 23785
Data envío: 22/01/2018 11:04:54.826

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Como consecuencia do necesario desenvolvemento normativo da Lei 4/2007 de policía locais, aprobouse o decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolvía aquela.

Non obstante, a necesidade dunha modificación de determinados aspectos que aparecían recollidos na Lei 4/2007, obrigou ao impulso da Lei 9/2016, do 8 de xullo. As modificacións que recolle este novo texto derivan en boa parte dun obrigado axuste ás diversas resolucións de órganos xurisdicionais, pero tamén á normativa básica de aplicación aos corpos de Policía Local, singularmente a Lei Orgánica 4/2010, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia; e o Real decreto-lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Por este motivo resulta agora preciso elaborar e aprobar un novo Decreto que substitúa ao decreto 243/2008 mencionado e que permita axustar os cambios normativos derivados da modificación da Lei 4/2007, e mesmo integrar nel a normativa referida á coordinación das policía locais.

De feito, no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en outubro de 2016 o noso partido posicionábase claramente afirmando, á hora de presentar as súas prioridades en materia de seguridade e emerxencias para esta lexislatura, que *“cómpre modificar agora o Decreto 243/2008, así como completar o desenvolvemento no que atinxe aos medios técnicos e mobilidade entre corpos”*.

En cumprimento dese compromiso, dende o Grupo Popular consideramos que entre as cuestións que sen dúbida deben ser reguladas agora se atopan as que se refiren á convocatoria pola Xunta de procesos unitarios de convocatoria de prazas nos corpos de Policía Local, así como a regulación do sistema de mobilidade e tamén a a actualización da normativa sobre medios técnicos á disposición das policía locais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:04
Nº Rexistro: 23785
Data envío: 22/01/2018 11:04:54.826**

Polo exposto, os deputados e deputadas, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1.- Cal é o estado actual do desenvolvemento normativo da Lei 4/2007 de Policía Local, logo da publicación da Lei 9/2016, do 8 de xullo, que a modifica?

2.- Cal foi a resposta dos concellos á convocatoria da Xunta para informar sobre as previsións recollidas no Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

3.- En que punto se atopa o proceso de centralización pola Xunta de Galicia, a través da Academia Galega de Seguridade Pública, da convocatoria de oposicións para a cobertura de prazas de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 10:51:19

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 10:51:33

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 10:51:45

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 10:51:50

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 10:52:01

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 10:52:12

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 10:53:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 28113(10/POC-004529)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da sentenza da Audiencia Nacional por enaltecemento do terrorismo no caso do colectivo rapeiro "La Insurgencia" e a súa contradición coa xurisprudencia europea

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Nos últimos anos véñense repetindo as denuncias, multas, procesos e condenas ao abeiro das modificacións do código penal e a lei mordaza, co obxecto de sancionar pola vía administrativa e penal actuacións que se poden enmarcar no exercicio de dereitos fundamentais como o de manifestación, folga, reunión, expresión, etc.

Estas sancións e condenas teñen como resultado o amedrentamento, a coacción, a asfixia do exercicio dos dereitos democráticos. Trátase dunha escalada regresiva e represiva que está dando lugar a numerosas condenas ao Estado español por parte do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

O 4 de decembro do 2017, a Audiencia Nacional condenou -coa máxima pena pedida pola fiscalía- a 12 integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* pol suposta comisión dun delito de enaltecemento do terrorismo. Cada integrante do colectivo foi condenado a 2 anos e un día de prisión, 4.800 euros de multa e 8 anos e un día de inhabilitación para exercer cargo público.

Cómpre ter en conta que a sentenza fala dun risco “abstracto”, contradicindo a doutrina da Directiva Europea sobre enaltecemento, que indica que debe existir un “risco certo e concreto” para a convivencia pacífica na sociedade, que é o ben xurídico a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113

Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

protexer. Asemade, tamén vai en contra da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que establece que hai que ter en conta o contexto no que se producen as mensaxes, e se se trata dun escenario de violencia xeneralizada.

Máis alá destas consideracións a respecto do marco xurídico europeo e internacional, os delitos de enaltecemento do terrorismo e incitación ao odio estanse convertendo na coartada perfecta para perseguir xudicialmente a artistas e grupos musicais. A idea de fondo é coartar a liberdade de creación, de expresión e de crítica; perseguir a discrepancia política e social, e fomentar a censura e a autocensura.

É indubidábel que tanto no caso da Insurgencia como de artistas como Valtonyc ou Pablo Hasel estamos ante letras subversivas e provocadoras, de denuncia social e de crítica do sistema político. Mais precisamente son a tolerancia, o pluralismo e o dereito á discrepancia os dereitos que distinguen unha democracia. Cando se limitan e se perseguen estes dereitos fundamentais, en lugar de avanzar retrocedemos.

O mesmo acontece no caso dos expedientes administrativos e multas por aplicación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como “Lei mordaza”. Trátase de respostas autoritarias e represivas por parte do Estado ante o malestar e a indignación social, producidos por decisións políticas que causaron un enorme sufrimento pola perda de postos de traballo, de dereitos sociais e laborais, ou polo despexo de vivendas.

As letras das cancións, os discursos públicos de artistas e creadoras, as manifestacións... son –ademais de exercicio da liberdade de expresión e de creación– unha forma de canalizar e darlle visibilidade a esa indignación. Perseguias penalmente como incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo constitúe un exceso que empobrece a democracia e a fai retroceder cara a tempos pasados.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Comparte o goberno galego a interpretación que fixo a Audiencia Nacional sobre o delito de enaltecemento do terrorismo no caso das letras do colectivo rapeiro *La Insurgencia*?

Como valora a contradición desta interpretación coa xurisprudencia do Tribunal de Estrasburgo e da UE?

Considera necesario o goberno galego apoiar aos integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* condenados pola Audiencia Nacional a dous anos e un día de prisión, así como a todas as persoas procesadas, condenadas ou sancionadas por exercer a liberdade de expresión, de creación ou de crítica?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28113
Data envío: 19/03/2018 12:30:26.477

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 12:29:29

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 12:29:34

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 12:29:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 12:29:37

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 12:29:38

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 12:29:40

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 28741(10/POC-004612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Menores Avelino Montero, de Pontevedra, e os menores usuarios do centro como consecuencia das deficiencias existentes nas súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a tres os seus vixilantes de seguridade

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O ano 2007 caracterizouse pola entrada en vigor da lei que reformaba a Lei de responsabilidade penal dos menores 5/2000, do 12 de xaneiro.

Coas estas dúas normas, os centros de execución de medidas xudiciais de internamento (en réxime pechado ou semipechado) ofrecen un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor maior de 14 anos, tendo entre os seus obxectivos o desenvolvemento da súa autonomía integral e a reinserción social, pero sempre coa fin de cumprir unha sentenza de condena. A execución destas medidas é competencia da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. E, aínda que en 2015, os xulgados galegos incoaron máis de 2500 expedientes de reforma menos que en 2010, segundo a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2015, as condenas por todo tipo de delitos graves contra as persoas téñense incrementado case no dobre en menores.

O “Avelino Montero” é un dos centros galegos onde se executan estas medidas; trátase dunha construción de mediados dos anos 80. Hai escasamente unha semana, o Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar comunicaba ás persoas responsables desta consellería o desleixo máis absoluto e por anos respecto dos menores usuarios deste centro. Así, o estado calamitoso do centro en xeral, as deficiencias nas instalacións e a falla de persoal inciden directamente no posible fracaso das medidas impostas e só o grande labor dos profesionais acada impedilo.

Como exemplos deste desleixo: hai un baño sen parte das lousas do chan dende hai uns 4 meses; as fiestras que se mudaran hai pouco xa presentan problemas; o tufo a cano é tremendo en todo o centro; a condensación está xeneralizada; non hai auxiliares, médico, asistente



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

social nin enfermeiro (só un psicólogo e unha mestra) e hai previsión pola Consellería de Política Social de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade (cando 4 é o número ideal para poder facer fronte ao control de acceso, aos 2 módulos e ás visitas ou outras xestións), segundo prego da propia consellería de 14 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego a intención de privatizar todos os centros do sistema de reforma de menores da Comunidade Autónoma?
2. Se a resposta anterior é positiva, entende o Goberno galego que o sistema actual (con 2 centros públicos e o resto privados e con centros de apoio privados tamén) non é o idóneo?
3. Ten coñecemento o Goberno da situación na que se atopa o Centro de Reforma de Menores “Avelino Montero” de Pontevedra?
4. Coñece o Goberno cal é a situación real dos menores usuarios do centro?
5. Coñece o Goberno a situación das infraestruturas deste centro?
6. Cal é a opinión do Goberno respecto de que neste centro non haxa DUES, médico, asistente social nin enfermeiro?
7. Por que o Goberno ten a intención de reducir de 4 a 3 os vixiantes de seguridade, segundo reza o prego da Consellería de Política Social, de 14 de decembro de 2017?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28741
Data envío: 03/04/2018 16:11:26.196



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/04/2018 13:41:05

María Luisa Pierres López na data 03/04/2018 13:41:11

Noela Blanco Rodríguez na data 03/04/2018 13:41:16

Julio Torrado Quintela na data 03/04/2018 13:41:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 30077(10/POC-004788)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Supremo referida á devolución
das cantidades indebidamente percibidas polos altos
directivos de Nova Caixa Galicia Banco, S.A.

Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez Garcia e Carmen Santos Queiruga, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa súa resposta oral na **Comisión 1.ª**, sobre a condena a devolución das cantidades indebidamente percibidas polos altos directivos da entidade NOVA CAIXA GALICIA BANCO, S.A. e condenados por administración desleal en concurso cun delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal.

O 9 de abril de 2018 a Sala do Penal do Tribunal Supremo, ditaba Sentencia número 165/2018, sobre recurso de casación contra a Sentencia da Audiencia Nacional Sala de lo Penal, Sección Terceira, do 19 de outubro de 2016 que estima parcialmente o recurso e anula parcialmente a sentenza da AN do 19/10/2016.

Así, o Alto Tribunal mantén a condena a José Luís Pego (ex-director) á reintegrar a cantidade de 6.476.237 € e de Gorriarán (ex-executivo da entidade) ao reintegro de 3.969.349,31 €, xunto coa condena de outros dous cooperadores necesarios, ás penas de cadea, de multa e de responsabilidade civil subsidiaria, polos contratos de alta dirección celebrados no ano 2010, antes da desaparición da entidade NOVA CAIXA GALICIA S.A. (resultante da fusión de Caixa Galicia e Caixa Nova, autorizada pola Xunta de Galicia o 18 de novembro de 2010). Nela anula a responsabilidade civil solidaria de todos os acusados condenados respecto da cantidade total 10.445.586,31€, que foi o obxecto do recurso, declarando a



responsabilidade civil directa dos acusados e condenados Jose Luís Pego e Gorriarán, sendo o terceiro, Estrada, exonerado de toda responsabilidade civil.

Esta Sentencia mantén o resto dos pronunciamentos do fallo da sentenza da Audiencia Nacional do 19 de outubro de 2016 e ratifica o contido nela con especial dureza nalgúns dos fundamentos xurídicos.

Así, no fundamento preliminar reproduce o fundamento décimo sexto da sección terceira o 22 de outubro de 2015 no que “*condena como penalmente responsables dun delito de administración desleal en concurso de leis cun delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal*”, cuestión que afectaba a outro acusado que “**non afecta a ese acusado ao retirarse a acusación e non poder declararse a responsabilidade penal e non poder ser declarado criminalmente responsable, o que implica que a entidade prexudicada teña que ir a xurisdición civil.**”

Declara nulas as pólizas de aseguramento que se estableceron en favor dos condenados pola celebración dos contratos de Alta Dirección de 2010.

Recóllese o carácter delictivo do apoderamento das cantidades que foron a engrosar o patrimonio dos tres primeiros acusados (a saber, a limitación a dúas anualidades do salario anual fixo segundo a Recomendación da Comisión Europea de 30 de abril de 2009), que non esixe debater sobre a vixencias nas normas administrativas que acordaban limitar a liberdade de determinar as retribucións dos directivos nin sobre a cualificación xurídica dos feitos probados (apropiación indebida ou estafa). Así di que “*hai un amplo consenso cando se afirma que as inadecuadas prácticas de remuneración aplicadas no sector dos servizos financeiros inda que non sexan a causa principal da crise financeira aberta no 2007-2008 favoreceron unha asunción de riscos excesivos e contribuíron a importantes perdas sufridas polas entidades financeiras.*” [...] As



prácticas foron de remuneración seguidas en boa parte do sector dos servizos financeiros foron contrarias a unha xestión sólida e efectiva dos risco. [...]

O carácter delictivo do uso das retribucións como instrumento formal para a execución dos actos de deslealdade que se traducen en decisións lucrativas de carácter expropiatorio non precisaban nin precisan da vixencia de normas comunitarias ou internas de cobertura [...]a entrada en vigor dun conxunto normativo para evitar os actos de deslealdade na materia non santifica os que se produciran con anterioridade á data de publicación da nova norma.

[...] Os impugnantes tratan de devaluar as conclusións do perito do Banco de España...[...] Non se poden admitir as inferencias que fai a parte recorrente sobre o bo estado económico das caixas galegas nos anos precedentes ao 2011(de feito tivo que inxectarlles o FROB máis de 9000 millóns de euros para poder reflotalas a través dunha fusión das dúas entidades) [...]

Sinala a Sentencia tamén que “as contías indemnizatorias axustáronse ao disposto sen que se aprecien obstáculos xurídicos substantivos ou procesuais para que o importe das mesmas se refiran a un delito de apropiación indebida e non de estafa.”

No fundamento primeiro recóllese a redución da contía da responsabilidade civil en favor dos acusados na segunda instancia e non hai argumentos que xustifiquen a limitación da indemnización no delito de apropiación indebida na modalidade de xestión desleal.

No fundamento xurídico 2 limítase a responsabilidade civil solidaria de todos os condenados sobre a cantidade total, que deveu firme por non ser recorrida por ningunha das partes o contido.

No fundamento xurídico 3 sobre o destinatario da recepción das indemnizacións sinala a Sala: que a condena penal dos impugnantes autores dun delito de apropiación indebidas na modalidade de xestión desleal é unha resolución que



deveu firme e xa se cuantificaron as sumas as que responde cada un dos acusados. Hai que observar que foran as acusacións interesaran que as indemnizacións se pagasen a NCG ou ao seu sucesor universal; por tanto a Sala estimou que se indemnizase a entidade financeira que sucedera nos dereitos e obrigas a NCG que terá que acreditarse en execución de sentenza. Na sentenza recorrida resultara probado a inxección de máis de 9.000 millóns de euros, e que o FROB era o único propietario da Caixa fusionada, e os recorrentes foran os que se apropiaran do diñeiro de NCG no 2011 pois os novos contratos inda que asinados no 2010 asumíronse pola nova entidade e executáranse no ano 2011. Despois o FROB vendeu o novo banco NCG a través de subasta por por 1.003 millóns de euros a BANDESCO descoñecendo a Sala as circunstancias relativas sobre a venda e as sumas a devolver. *“Sobre este punto concorre tal opacidade que pode afirmarse que a postura das partes é confusa e da pe a non poucas especulacións. Pois por un lado, ao FROB ofrecéronse as accións penais ao inicio do procedemento e formalmente non chegou a presentarse como acusación, e tampouco renunciou a ningunha indemnización nin restitución en diñeiro. E cando o consideraron prexudicado na primeira sentenza e asignáronlle no fallo as restitucións que tiñan que abonar os condenados, si que interesou a execución contra eles.”*

Nos fundamentos xurídicos seguintes esgrímese como feito probado a actuación dos acusados de elaborar contratos de alta dirección con altísimas remuneracións blindadas en plena crise bancaria, cando xa o FROB aportara 9.000 millóns de euros, con enganos, ocultando aspectos relevantes antes os órganos de control da entidade fusionada, movendo a vontade das respectivas comisións de Retribución de Comisións e do Consello de Administración de NCG, ocultación falseando a realidade e que consistía en dicir que os novos contratos de alta dirección non levaban aparellada novas pólizas de aseguramento e que non supuñan ningunha vantaxe económica respecto das que xa tiñan anteriormente en favor dos condenados.



“Esa acción exercida polos acusados condenados tendente a mover erroneamente a vontade dos membros dos órganos de goberno da entidade nacida da fusión para que se aprobasen os contratos de Alta Dirección que serviron para cometer o delito polo que foron condenados, polo que ningunha efectividade poden ter as pólizas que a súa efectividade material serviron para cometer o delito cometido. Así, as pólizas individuais de aseguramento son froito dos contratos de Alta Dirección de 2010 mediante os que os acusados condenados melloraron ilícitamente a súa condición e posición económica respecto dos anteriores contratos de Alta Dirección de 2005.”

A este respecto a sala entende que os contratos nos que existe dolo penal e fundados na nulidade absoluta do contrato de aseguramento e fundados en causa ilícita de índole punible o que implica a nulidade absoluta do contrato de aseguramento co efecto da indemnización á entidade prexudicada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:

- 1.- Ten constancia a Xunta do contido desta Sentencia?
- 2.- Tiña constancia a Xunta de Galicia da opacidade sinalada no fundamento xurídico terceiro sobre o descoñecemento das condicións pactadas sobre a venda por parte do FROB a BANDESCO? Se o diñeiro público se inverteu en recuperar un banco galego, non se poden coñecer as condicións nas que se pactou esa venda?
- 3.- Coñece a Xunta que intereses puido haber para que o FROB non exercese de acusación cando se lle ofreceu? Coñece a Xunta os motivos polos que non se pediu a ampliación da investigación á antiga cúpula directiva que afundiou as caixas e que despois tiveron que recibir cartos do FROB?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:33
Nº Rexistro: 30077
Data envío: 26/04/2018 12:33:13.830

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira,
Manuel Lago Peñas,
Antón Sánchez García
Carmen Santos Queiruga
Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/04/2018 12:29:24

José Manuel Lago Peñas na data 26/04/2018 12:29:32

Antón Sánchez García na data 26/04/2018 12:29:39

Carmen Santos Queiruga na data 26/04/2018 12:29:49

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 30016(10/PNC-002405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a garantía polo Goberno galego da suficiencia
financeira das federacións deportivas galegas co
establecemento dun marco plurianual para o período 2018-2020

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 18:17
Nº Rexistro: 30016
Data envío: 25/04/2018 18:17:14.323



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Despois das queixas manifestadas durante o ano 2017, federacións deportivas galegas veñen de denunciar de novo a progresiva redución do investimento da Xunta de Galicia no deporte, e especificamente a minoración de axudas ao tecido federativo, mesmo para a prestación de funcións públicas delegadas no ámbito deportivo polo propio Goberno galego.

Así, o orzamento dedicado ao deporte galego reduciuse na última década nun 49 %, pasando de 41,9 millóns de euros en 2008 aos 21,9 millóns asignados en 2018. As obrigas recoñecidas no programa 441A-Promoción da actividade deportiva- reducíronse nun 44 %, pasando de executarse 40,1 millóns de euros en 2008 a 22,6 millóns en 2017.

A asignación de subvencións ás federacións deportivas galegas sufriu unha minoración do 29 % entre 2010 e 2018, pasando de 5 millóns de euros en 2010 aos 3,6 millóns previstos, polo de agora, para 2018, poñéndose en perigo incluso o desenvolvemento das funcións públicas delegadas pola propia Administración autonómica nas federacións.

Cómpre ademais que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, faga públicos os baremos dos convenios que subscribe coas federacións deportivas, para dotar ao sector da máxima transparencia e rigor no seu financiamento.

Polo exposto, novamente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2018 18:17
Nº Rexistro: 30016
Data envío: 25/04/2018 18:17:14.323



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a garantir a suficiencia financeira das federacións deportivas galegas, establecendo un marco plurianual 2018-2020.

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/04/2018 12:32:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/04/2018 12:33:12

Julio Torrado Quintela na data 25/04/2018 12:33:19

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/04/2018 12:33:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/04/2018 12:33:30

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 30079(10/PNC-002412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun novo informe respecto do grao de cumprimento dos acordos parlamentarios aprobados na X lexislatura no que se inclúan os relacionados coas competencias da comunidade autónoma e doutras administracións

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:34
Nº Rexistro: 30079
Data envío: 26/04/2018 12:34:10.627

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza fixo público no mes de marzo de 2018 un “Informe anual 2017 do grao de cumprimento dos acordos aprobados no Parlamento de Galiza na X Lexislatura. Trátase dun informe xenérico e estatístico, que non dá conta efectiva do grao de cumprimento de cada un dos acordos, polo que a xuízo do BNG non cumpre os obxectivos da Lei de Transparencia.

Dado que para realizar o citado informe a Xunta de Galiza debe dispoñer de informacións detalladas sobre o grao de cumprimento de cada un dos acordos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:34
Nº Rexistro: 30079
Data envío: 26/04/2018 12:34:10.627

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a realizar un novo informe sobre o grao de cumprimento dos acordos aprobados na X Lexislatura na que se inclúa a seguinte información:

- Informe detallado das xestións realizadas para o cumprimento dos acordos relacionados con competencias da comunidade autónoma galega.
- Informe detallado das xestións realizadas para o cumprimento dos acordos relacionados con competencias doutras administracións.”

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 12:34
Nº Rexistro: 30079
Data envío: 26/04/2018 12:34:10.627

Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 12:33:10

María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 12:33:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 12:33:19

Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 12:33:21

Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 12:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 12:33:30

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.05.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 30115(10/PNC-002418)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir a participación efectiva de todos os concellos e partes afectadas naquelas decisións de interese xeral relacionadas coa ordenación do bordo litoral portuario da cidade Coruña

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a inicitiva de **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

Exposición de motivos:

O pasado 18 de abril a Xunta de Galicia asinou un protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e autoridade Portuaria da Coruña, que evidencia a intención unilateral destas administracións marxinando ao Concello da Coruña ao respecto das bases conveniadas e criterios de ordenación do borde litoral portuario.

Preténdese deixar ao marxe non so ao Concello da Coruña, senón polo tanto ao conxunto da cidadanía coruñesa, dunha decisión que conformará o territorio no que habitan para as vindeiras xeracións.

Neste caso o goberno local ten trasladado a Portos do Estada e á administración autonómica unha proposta, mediante o deseño dun protocolo, co ánimo de abrir un proceso de negociación sobre a base das demandas compartidas pola cidadanía coruñesa, parece evidente que ambas administracións obviaron esta intención de diálogo.

Pero non é un caso illado, durante estas semanas outros concellos foron afectados pola discrecionalidade e unilateralidade das administracións central e autonómica como no caso do enlace entre o porto Exterior da Coruña e a autovía a Madrid, colisionando cos intereses lexítimos do Concello de Arteixo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2018 17:59
Nº Rexistro: 30115
Data envío: 26/04/2018 17:59:26.330



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a negociar cos concellos afectados e resto de partes lexitimamente interesadas, aquelas decisións de interese xeral que lles poidan afectar, como poden ser ordenacións, mecanismos de consorcio ou financiación, protocolos de actuación ou calquera outra de transcendencia para os concellos afectados, de modo que se garanta a participación efectiva de tódalas partes afectadas.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 26/04/2018 17:58:28